

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 20 de marzo de 2005.-

Asia convulsa

A cultura occidental sempre ofreceu unha visión de Asia que nunca quixo amosar a verdade ao completo. Falo dese Oriente das relixións e as culturas milenarias: Mahoma, Xesús, Confucio, Buda, Visnú, Shiva... das montañas do Tibet e do Dalai Lama... do ioga e a meditación transcendental (tan de moda hai ben pouco en toda Europa), dos exóticos mercados da China ou de Tailandia, dos milleiros de templos espaxados pola India, da selva indomábel descrita por Rudyard Kipling no *Libro das terras virxes*, das rutas dos mercadores na procura da seda, das aventuras no ferrocarril transiberiano... do Bagdad d'As mil e unha noites (Simbad, Sherezade, Aladino, Alí Babá...)

Pero a pouco que rabuñemos neste decorado de cartón pedra podemos atopar unha realidade ben diferente: Asia é o continente máis grande e tamén o máis poboado. Ten nada menos que corenta e catro millóns de quilómetros cadrados e para facerse unha idea do número de habitantes basta con traer á mente unha rúa de Bombay ou unha avenida de Hong Kong, quizais os dous extremos da pirámide económica desas terras tan convulsas, estremecidas cada dous por tres pola forza devastadora dun terremoto (unhas veces tócalle a Irán, outras ao Xapón, outras a Filipinas...) ou por unha riada de auga inmensa procedente do mar ou de calquera río enlouquecido. A imaxe da catástrofe en territorio asiático sempre está servida nas televisións e nos xornais: unha familia calquera a vista de paxaro subida ao tellado da súa casa somerxida en augas lamacentas, unha manda de cans a uliscar entre os escombros do último tremor da terra... Asia aséntase nun territorio absolutamente inestábel dende o punto de vista xeográfico. Sempre xurde a inevitábel dúbida: É que

as desgrazas soamente lles veñen aos pobres ou é que son pobres precisamente porque sofren esas desgrazas? Nunca atopo unha resposta á pregunta.

Outras veces a convulsión vén da man da guerra. Téñense librado en Asia milleiros de batallas sangrentas (lembramos Hiroshima e Nagasaki, sen ir máis lonxe). Se collemos o mapa do continente é doado seguir o rastro do perenne conflito. Comecemos, por exemplo nos territorios do Kurdistán, repartidos entre non sei cantos estados diferentes empeñados en esmagar á poboación para que non fale, en facela desaparecer baixo o terror das armas químicas e de quen sabe cantas máis indecencias que nunca chegaremos a coñecer porque xa alguén se encargará de tapar ben a noticia. Podemos seguir o traxecto baixando a Palestina e ao Líbano, para logo pasar polo Iraq (os nomes de Basora e Mosul soan familiares de tantas veces escoitados) e logo por Irán, de paso para Afganistán, onde as guerras xa se perden nos recantos da memoria. O percorrido pode proseguir pola península arábica, un remanso de paz porque hai petróleo (e tamén pena de morte e discriminación da muller, e unhas implacábeis ditaduras de carácter medieval, pero todo se desculpa porque qué sería de Occidente se as cadeas de fabricación parasen e os coches deixasen de andar?).

Podemos baixar despois ás terras do subcontinente indio (Pakistán, India, Nepal, Bangla Desh) para acabar maldicindo aos colonizadores ingleses, que depredaron nelas a fartar. Ai dos meniños dos arredores de Calcuta, Dheli, Benarés ou Bombay, todo o día a escravellar nas montañas de lixo! Ai da sucidade da auga, que tira a sede pero trae o cólera! Ai das tremendas secas que arruínan as colleitas! Ai dos pobres parias sometidos á escravitude, así con todas as letras, en pleno século vinteún!

Podemos proseguir camiño bordeando a fronteira da China para achegarnos aos vellos dominios franceses de Laos, Camboxa e Vietnam, onde resulta imposíbel esquecer as fotografías dos nenos fuxindo das labaradas do napalm. E de seguido saltar ás illas da Indonesia, con nomes tan suxestivos como Xava, Borneo, Sumatra e Célebes, desafortunadas coñecedoras de ditadores patéticos pero encarnizados, auténticas hienas humanas que espremeron a calquera que consideraban un rival.

Que países escapan, entón, deste labirinto de guerras e pobreza sen par? Pois Xapón (que ten a taxa máis alta de suicidios do mundo: unha morte cada quince minutos, por algo será) e Corea, pero a do sur, porque da do norte xa é mellor non falar (a poboación morre de fame pero é unha gran potencia en canto a armamento nuclear).

Quédannos no norte as frías terras de Siberia, que aínda desprenden un insufribel cheiro a castigo e deportación, e eses inmensos territorios da China, tamén denominada o xigante asiático, que sempre se di que anda a despegar: man de obra moi barata en réxime de semi-escravitude e pena de morte para quen proteste. A consigna é calar!

Indonesia, Sri Lanka, as Illas Maldivas, a India, Tailandia, China, Corea do Norte, o Irán e mailo Iraq sitúanse, segundo a ONU, por baixo do nivel de pobreza, ben por mor das secas, do recente maremoto ou pola guerra.

Quizais conveña desterrar dunha vez por todas o estereotipo co que adoitamos envolver a nosa idea de Asia para comezar a escribir o guión dunha nova obra para ese gran teatro, sen necesidade de cambiar o decorado, aínda que pareza artificial.

© Xesús Constela Doce, 2005